Signature Not Verified
Digitally signed by Rexistro Entrada
Date: 2015.08.26 13:02:02 +02:00
Reason: 40000
Location: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2015 13:00
Nº Rexistro: 40000
Data envio: 26/08/2015 13:00:53.488

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova BNG equo

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (AGE)**, por medio da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno,** relativa ao incumprimento das expectativas levantadas polo goberno galego en relación cos investimentos de Pemex no sector naval galego e a súa posible saída do accionariado de Barreras.

Exposición de motivos

As novas desacougantes que chegan de Pemex non cesan. Primeiro foi a fin das expectativas para construír 3 buques tanque, un suplay e un atuneiro. Barreras non construirá nin estes grandes barcos nin os pequenos. A política de desinvestimentos de Pemex sitúa ao estaleiro vigués co horizonte de rematar o flotel no 2016 e quedar coas gradas baleiras. Pero agora semella estarse a negociar a súa saída de Barreras mediante a venda da súa participación maioritaria a unha compañía chinesa-angoleña, China-Sonangol, que xa vén de adquirir en marzo un terzo dos estaleiros do grupo Rodman.

A secuencia sería a que vai da cancelación dos investimentos previstos para concluír na venda do seu paquete accionarial. Malia o referido, o conselleiro de industria, Francisco Conde, semella ser o único interesado que descoñece as negociacións que poderían saldarse coa venda de Barreras e co definitivo naufraxio daquela expedición de barcos de papel electoral que prometera Núñez Feijóo para tentar rabuñar votos nas eleccións galegas do ano 2012.

De se confirmar a retirada accionarial de Pemex de Barreras chegariamos a confirmar que a operación, apadriñada polo goberno galego, non foi outra cousa que a transferencia da tecnoloxía do estaleiro vigués a prezo de saldo. Sería momento de

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/08/2015 13:00
Nº Rexistro: 40000
Data envio: 26/08/2015 13:00:53.488

depurar responsabilidades non só polas mentiras electorais si non tamén pola pésima operación resultante.

Correspóndelle á Xunta a tarefa de honrar os seus compromisos, aqueles que asumiu co gallo da campaña electoral e que suporían unha ampla carga de traballo para o naval galego, e doutra velar pola actual situación do sector, que podería sufrir outro bandazo accionarial. Compromisos que valen postos de traballo -1.400 foron anunciados pola Xunta - e un notable pulo á actividade económica do sector.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento galego insta á Xunta a desenvolver as actuacións oportunas para facer efectivo o compromiso de carga de traballo que no seu día anunciara con Pemex para os estaleiros de Barreras, na ría de Vigo.

- O Parlamento Galego insta á Xunta a evitar que o único resultado da entrada accionarial de Pemex en Barreras fora a transferencia da tecnoloxía de este estaleiro a prezo de saldo.

En Compostela, a 26 de agosto do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 26/08/2015 12:59:17